


MBEAT HOME EDITION: Sistema de telemonitorización intelixente ubicuo e en tempo real de pacientes crónicos con patoloxías cardiovasculares



Descrición

Neste proxecto desenvolveranse novos módulos para a tecnoloxía MBEAT da empresa [Imaxdi Real Innovation](#). A tecnoloxía MBEAT presenta o desenvolvemento dun sistema de monitorización cardíaca portable que permita desenvolver procesos de diagnóstico de patoloxías cardíacas fóra do centro hospitalario. No proxecto MBEAT Home Edition, o CiTIUS desenvolverá diferentes módulos orientados a mellorar a funcionalidade de visualización do electrocardiograma e doutros parámetros fisiolóxicos monitorizados, así como da análise automática de eventos asociados ás patoloxías cardíacas máis prevalentes.

Obxectivos

Os obxectivos máis relevantes da colaboración son os seguintes:

- Desenvolver funcionalidades para a detección automática e en tempo real de complexos QRS sobre o sinal de ECG.
- Desenvolver funcionalidades para a extracción automática das diferentes características do latido.
- Desenvolver unha ferramenta de visualización de ECG baseada en tecnoloxías web, que permita ademais a visualización dos diferentes parámetros fisiolóxicos monitorizados xunto co sinal de ECG, en diferido e en tempo real, e proporcione ferramentas de análise do mesmo (medicións, anotación, escalas, etc.).

INVESTIGADORES

Investigador principal

Paulo Félix Lamas

Investigadores do CiTIUS

Jesús María Rodríguez Presedo

Purificación Cariñena Amigo

Tomás Teijeiro Campo

Jose Ángel Piñeiro Souto

David González Márquez

Constantino Antonio García Martínez

DETALLES

Data de execución:

10/05/2013 - 30/10/2014

Financiado por

Proxectos CIT, Xunta de Galicia, Consellería de Innovación e Industria, MBEAT

**Contratado por:**

Imaxdi Real Innovation



PROGRAMAS CIENTÍFICOS

e-Saúde